



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
O FSE inviste no teu futuro



PLAN DE CONVIVENCIA

CIFP A CARBALLEIRA-MARCOS VALCÁRCEL



Programa de acción
en el ámbito del
aprendizaje permanente

CIFP A Carballeira – Marcos Valcárcel
cifp.carballeira@edu.xunta.es
www.cifpcarballeira.es
988 788470

ÍNDICE

1.-Introdución	3
2.-Análise da convivencia no centro.....	4
Características do centro e o seu contorno.....	4
Análise da realidade no centro en materia de convivencia e clima escolar	5
Análise das medidas actuais.....	5
3.-Concreción do plan	6
Obxectivos xerais.....	6
Obxectivos específicos	6
Protocolos de actuación.....	8
Concreción das actuacións: responsables, destinatarios e procedementos....	10
4.-Normas de convivencia do centro, dereitos e deberes dos diferentes membros da comunidade educativa, e protocolo para a detección ou incumplimento	15
5.Establecemento de condutas contrarias á convivencia e correccións	15
6. A Comisión de Convivencia	15
7. Mecanismos de coordinación e colaboración interna do centro, coas familias e con outros centros educativos ou organismos.....	17
8. Estratexias para a difusión do plan de convivencia	18
9.Procesos de seguimento, avaliación e mellora	18

1.-Introdución

Aprender a vivir e a convivir xuntos, ademáis de constituir unha finalidade esencial da educación, representa un dos principais retos para os sistemas educativos actuais.

O plan de convivencia do centro é o documento no que se articula a convivencia escolar, que garante unha educación no exercicio dos dereitos e das liberdades dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e a súa resolución pacífica.

A actual Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, así como o Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve establece que o proxecto funcional do centro incluírá un plan de convivencia que integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, obxectivos, directrices básicas de convivencia e actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterà actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras. Ademais, recolleranse os aspectos referidos aos obxectivos, estrutura, actuacións, medidas e programas favorecedores da convivencia e o proceso de seguimento, avaliación, mellora e difusión do plan de convivencia que o centro deberá ter en conta na súa redacción.

A elaboración do plan de convivencia non debe entenderse como unha tarefa estritamente burocrática do centro educativo, senón que suporá a oportunidade dunha reflexión conxunta sobre un dos principais obxectivos do sistema educativo, como é o de ensinar a convivir e ser persoa, desenvolvendo para isto competencias sociais e cívicas. Debe ser un documento realista, útil, dinámico e adaptado ás peculiaridades e necesidades do centro.

O CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel ten como misión impartir un ensino de calidade, onde se conxuga a responsabilidade coa liberdade a través dunhas normas de convivencia dentro dun espírito independente, tolerante e comprometido. Ofrecendo un servizo educativo aberto ás innovacións e requirimentos de toda a comunidade educativa, tendo en conta as peculiaridades individuais do alumnado, posibilitándolles o desenvolvemento a nivel persoal, permitíndolles progresar no mundo académico e laboral, e preparándolles para a vida. É necesario partir das necesidades detectadas no noso centro en relación á convivencia, cara a propoñer os obxectivos que se deben recoller no plan de convivencia para darlles resposta. O Plan de Convivencia será elaborado

.....
pola Comisión de Convivencia, e será aprobado polo Consello Social do centro (Decreto 8/2015, Artigo 11 e Disposición adicional segunda)

2.-Análise da convivencia no centro

O diagnóstico é o punto de partida para coñecer o estado da convivencia no centro e, de ser o caso, da conflitividade detectada neste. Este diagnóstico sitúanos na realidade e proporciona un perfil concreto do centro. Pretendemos abordar a análise da convivencia escolar en profundidade, coñecer que ocorre, por que ocorre, que se necesita mellorar, que se pretende, con que recursos se conta.... Recollerase información significativa que represente os distintos puntos de vista dos integrantes da comunidade educativa.

2.1. Características do centro e o seu contorno

O CIFP A Carballeira – Marcos Valcarcel está situado no barrio de A Carballeira, na zona sur da cidade de Ourense. Foi consolidándose na década dos 60 coas familias retornadas da emigración a Europa. A súa poboación pertence a un nivel de clase social medio-baixo, con problemas socio-laborais e/ou económicos. Nos últimos anos estanse asentando un importante número de inmigrantes procedentes principalmene de países de latinoamérica e do norte de África.

Atende ao alumnado da provincia de Ourense e provincias limítrofes que cursa estudos de FP das familias profesionais de Informática e Comunicacions, Química e Sanidade. No curso 2017-18, a maioría (84%) procede da provincia de Ourense (43,7% da capital), seguido da de Pontevedra (9%). Do alumnado matriculado a distancia a maioría (58,9%) procede da provincia de Ourense, seguido da de Pontevedra (14,02%). En relación coa familia profesional do alumnado presencial matriculado, a maior porcentaxe correspóndese coa rama sanitaria, seguida de informática e en menor medida Química. Trátase dun alumnado con 16 ou máis anos, maioritariamente, que accede ao Centro a través de probas de acceso a ciclos formativos de grado medio ou superior, título da E.S.O. ou Bacharelato, de procedencia diversa, tanto cultural como social, que buscan a través dos estudos de FP a cualificación profesional que lles permita acceder ó mercado de traballo e así inserirse socio-laboralmente.

2.2. Análise da realidade no centro en materia de convivencia e clima escolar

Trala realización de diversas entrevistas con distintos sectores da comunidade educativa (alumnado, profesorado, familias), conséntase que a conflictividade existente no centro é baixa a nivel xeral. O alumnado dos ciclos formativos de Grao Superior e de Grao Medio posúe un grao de madurez persoal e intelectual aceptable, sendo escasos os problemas disciplinarios. As relacións sociais entre compañeiros e co profesorado están xeralmente fundamentadas no respecto, escoita activa, a tolerancia e o cumprimento das normas de convivencia. De tódolos xeitos, pode producirse algún episodio illado que perturbe o bo funcionamento habitual.

O alumnado da formación profesional básica de 1º, dadas as súas características, en moitos casos con problemáticas de tipo sociocultural, presenta máis inmadurez social e intelectual o que da lugar a que se produzan con máis frecuencia condutas disruptivas de distinto tipo. Revisados os partes de incidencia do alumnado a maioría delas correspóndese con comportamentos como: desobedecer as ordes do profesor; faltarlle ó respecto, nalgúns casos con actitudes desafiante, chegando ó insulto ou comentarios malsoantes. Tamén conséntanse algúns casos de absentismo escolar por faltas reiteradas e inxustificadas dos seus fillos. Non obstante, nun primeiro momento sempre se intenta reconducir a situación coa familia e só si as faltas a clase continúan ou hai un “risco grave” para o neno/a é cando se abre un expediente, seguindo o protocolo establecido. Se ben é certo que non se pode falar de casos xeneralizados, concentrándose dita problemática nalgúns determinados.

2.3. Análise das medidas actuais

Ante as condutas disruptivas dende o centro trata de darse resposta rápida para evitar a súa xeneralización; sempre que é posible facéndolle ver ó alumno/a o inaxeitado do seu comportamento, potenciando o diálogo e invitándoo á autoreflexión, sendo suficiente en moitos casos, evitando a reincidencia. Non obstante ante algunhas condutas reiteradas, sanciónase coa perda do dereito de asistencia a clase cun alcance limitado e cando se esgotaron outras medidas. Trátase de estimular as habilidades sociais, as actitudes de colaboración e cooperación entre iguais e o respecto como guía fundamental da nosa conduta cara aos demais.

3. Concreción do plan

3.1. Obxectivos xerais

- Facilitar ós órganos de goberno e ó profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.
- Concienciar e sensibilizar á comunidade educativa sobre a importancia dunha axeitada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e conquistar un ambiente educativo que permita o excelente aproveitamento dos recursos que a sociedade pon a disposición do alumnado.
- Fomentar no centro educativo os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
- Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que poidan producirse no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.
- Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.
- Contribuir dende o ámbito da convivencia a adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadán e para a autonomía e iniciativa persoal.
- Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.
- Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e as liberdades fundamentais.

3.2-Obxectivos específicos

- Promover a formación permanente do profesorado en temas relacionados coa convivencia.
- Recoller nas normas de organización e funcionamento do centro (NOFC) accións ou propostas de mellora da convivencia nos distintos espazos do centro.

-
- Coñecer a existencia das posibles problemáticas relacionais que existen na comunidade educativa (alumnado-familias-profesorado).
 - Establecer vías de sistematización das actuacións en materia de convivencia que se desenvolven no centro.
 - Revisión e adaptación dos documentos de organización e de xestión de xeito que favorezan o clima de centro.
 - Elaborar de forma consensuada as normas de convivencia do centro e de aula.
 - Favorecer o traballo en grupo e o traballo cooperativo como metodoloxías nas que se potencia o respecto e a solidariedade entre o alumnado.
 - Promover unha cultura de resolución pacífica de conflitos baseada no diálogo.
 - Propoñer actuacións que fagan que as aulas e os centros sexan lugares de aprendizaxe e práctica da convivencia.
 - Deseñar mecanismos que faciliten a análise das causas e das consecuencias das problemáticas detectadas, así como a prioridade na súa resposta.
 - Elaborar protocolos de notificación e actuación ante distintas situacións contrarias á convivencia (disrupción, violencia de xénero, agresións verbais, acoso escolar...).
 - Crear, formar e manter un equipo plural de mediación estable no centro, integrado por persoas representantes dos distintos sectores da comunidade.
 - Formar os diferentes membros da comunidade educativa en habilidades comunicativas e de relación.
 - Prever, no plan de convivencia, as propostas de mellora da convivencia desde a perspectiva dos diferentes compoñentes da comunidade escolar (alumnado, profesorado, familias e persoal de administración e servizos).
 - Establecer as liñas básicas de colaboración e comunicación con outras institucións que contribúan á mellora da convivencia no centro.

3.3.-Protocolos de actuación

Protocolo de actuación ante unha incidencia na aula

Unha vez producida a incidencia, o profesor/a do centro, cubrirá o parte de incidencias, que será entregado en Xefatura de Estudos. Este reúnese co/a alumno/a amoestado para valora-la situación, dialogar, e se é o caso, tipificar e propor unha sanción. O alumno/a poderá solicitar a intervención dun mediador/a.

En caso de faltas graves, ou que prexudiquen gravemente a convivencia, informarase á Dirección para que valore a posibilidade de apertura de procedemento corrector (conciliado ou común).

Informarase mediante copia da incidencia ó/a titor/a, que, á súa vez, informará ao profesor/a implicado (e ás familias, no caso de que o/a alumno/a sexa menor de idade da incidencia e a sanción proposta).

Protocolo ou programa de mediación

A mediación é un método construtivo para a resolución pacífica de conflitos, na que unha terceira persoa axuda ás partes implicadas para que busquen, atopen e adopten unha solución positiva para ambas. Non pode impoñerse, acódeuse a ela voluntariamente, tanto para as partes implicadas no conflito como, como para a persoa mediadora. A persoa mediadora non xulga nin arbitra, marca as regras do xogo e emprega técnicas que axuden a que as diferentes partes en conflito verbalicen os seus problemas, sentimentos, emocións, posicións, intereses e necesidades, e que pacten unha solución e se comprometan a respectala.

Consideramos importante a utilización da mediación como estratexia preventiva, resolutiva e reparadora na xestión de calquera conflito entre membros da comunidade educativa, con independencia dos procedementos correctores das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.

Constituirase un equipo de mediación co profesorado que teña un bo coñecemento do centro e da súa comunidade educativa, e sempre que sexa posible, con experiencia ou formación en convivencia escolar, mediación e na resolución de conflitos no ámbito escolar. En todo caso, o orientador do centro, formará parte deste Equipo de Mediación, así como Equipo Directivo e titores/as. Serán derivables para a mediación condutas contrarias ás normas de convivencia de carácter leve. Aínda que á mediación poden acudir distintos sectores da comunidade educativa, esta centrarase basicamente no alumnado.

Protocolo de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso

En relación co acoso escolar han de cumprirse tres criterios, que deben darse simultaneamente, a saber:

- Intencionalidade de facer dano.
- Repetición das condutas agresivas.
- Duración no tempo, co establecemento dun esquema de abuso de poder desequilibrado entre a vítima e a persoa ou persoas agresoras.

Seguiranse as fases establecidas no protocolo de actuación establecido pola Consellería de Educación:

http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/acoso_e_ciberacoso_protocolo_xeralrectificado_tlf_05_02_16.pdf

Programas que contribúan á adquisición de habilidades e competencias sociais

Este tipo de programas son importantes como medida de prevención para evitar que no centro se produzan condutas que alteren unha desexada convivencia entre os diferentes membros da comunidade educativa. Estará dirixido fundamentalmente ó alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas e ten como finalidade mellorar a súa integración no centro docente. Tamén para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición de medidas correctoras, se vexa

.....

temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro. A súa elaboración e desenvolvemento corresponde ao Departamento de Orientación do centro, aínda que se aplicarán en colaboración co profesorado titor, e de, ser o caso, cos servizos sociais, procurando implicar ó resto do profesorado e ás familias. Entre as habilidades e competencias sociais a desenvolver están a asertividade, a empatía, saber escoitar, definir un problema, avaliación de solucións, negociación, etc.

Protocolo de Identidade de xénero

http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/identidade_de_xenero_caderno.pdf

Promoción da igualdade nos centros educativos

http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/i_plan_de_actuacions_para_a_igualdade_nos_centros_educativos_de_galicia_2016_2020.pdf

Protocolo de prevención, detección e intervención do risco suicida no ámbito educativo

http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/protocolo_prevenccion_deteccion_intervencion_risco_suicida_ambito_educativo.pdf

3.4. Concreción das actuacións: responsables, destinatarios e procedementos

LIÑA DE ACTUACIÓN	RESPONSABLES	DESTINATARIOS	PROCEDEMENTOS
Prevenición do acoso escolar no centro	DIOP/ Titores/as	Alumnado Profesorado PAS	-Deseño e posta en marcha de campañas de sensibilización (Dípticos, charlas,...)
Deseño de actividades interniveis e interciclos	DIOP / Profesorado dos Ciclos Formativos	Alumnado	-Reunións periódicas dos titores/as por niveis co obxecto de deseñar accións conxuntas para a mellora da convivencia no centro -Connemoracións e celebración de días internacionais
Mediación	DIOP/ Titores/as/ Profesorado	Alumnado	-Posta en marcha dun equipo de mediación/alumnado axudante
Promover a participación dos distintos sectores da comunidade educativa	Equipo Directivo	Alumnado Profesorado Familias	-Deseño de actuacións que posibiliten a participación e implicación dos distintos sectores (diálogo, favorecer o consenso na toma de decisións, caixa de suxestións, favorecer a

			coordinación de actuacións mantendo liñas coherentes no tratamento da disciplina, etc)
Mellorar a formación dos distintos sectores da comunidade educativa no ámbito da convivencia e o desenvolvemento persoal	Equipo Directivo/ DIOP	Alumnado Profesorado Familias	-Conferencias, obradoiros,.. sobre prevención e resolución de conflitos.
Mellorar as relacións interpersoais	Equipo directivo/ Profesorado	Alumnado Profesorado Familias	-Favorecer a participación do alumnado nas actividades do centro de tipo complementario e extraescolar -Emprego de metodoloxías que favorezan a aprendizaxe cooperativa e o traballo en equipo, desenvolvendo unha cultura da colaboración.
Promoción da figura dos Delegados/as de aula	DIOP Titores	Alumnado	-Elaboración dun documento informativo das funcións dos Delegados/as.

			-Dinamización da Xunta de Delegados/as mediante un proceso planificado de reunións ó longo do curso e promovendo a comunicación con estes.
Mellora do proceso de acollida do novo profesorado	Equipo Directivo	Profesorado	-Guia de acollida. Contemplanse accións que favorezan a adaptación deste colectivo
Mellora do proceso de acollida do novo alumnado	Equipo Directivo Titores/as DIOP Xunta de delegados	Alumnado	-Guia de acollida. Contemplanse accións que favorezan a adaptación deste colectivo durante o proceso de admisión, matriculación, ao longo do curso. -O alumnado de 2º curso coordinados polos Delegados/as exercerán de anfitrións e acompañantes do alumnado que se incorpora en 1º.
Mellora-las habilidades e competencias sociais do alumnado	Titores/as Profesorado Equipo Directivo DIOP	Alumnado	-Posta en marcha dun programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais (sentimentos, dereitos e deberes, regras ou normas, autoconecemento, recoñecemento das emocións, manexo das emocións (autocontrol), tipos de pensamento,



			<p>tipos de comportamento, saber decir non, habilidades de escoita e negociación, etc</p> <p>-Especial incidencia na titoría da FPB</p>
--	--	--	---



4. Normas de convivencia do centro, dereitos e deberes dos diferentes membros da comunidade educativa, e protocolo para a detección ou incumplimento.

As normas de convivencia do CIFP A Carballeira-Márcos Valcárcel son as recollidas nas Normas de Organización e Funcionamento do Centro, baseadas na normativa vixente en materia de convivencia (DECRETO 8/2015, de 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar).

5. Establecemento de condutas contrarias á convivencia e correccións

A definición das condutas contrarias á convivencia no CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel son as recollidas nas Normas de Organización e Funcionamento do Centro, baseadas na normativa vixente en materia de convivencia (DECRETO 8/2015, de 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar).

6. A Comisión de Convivencia

Estará presidida polo Director.

Reunirase, atendendo á normativa vixente en materia de convivencia, cunha periodicidade mínima trimestral de xeito ordinario. Con carácter extraordinario, reunirase tantas veces sexa convocada polo seu presidente, por iniciativa propia ou por proposta alomenos dunha terceira parte dos seus membros.

Estará integrada polos seguintes membros:

- Clautro: Tres correspondentes ás xefaturas de Departamento de cada unha das familias profesionais existentes no centro, a Xefa do departamento de Inglés, a Xefa do Departamento de FOL. Asemade formará parte o Xefe do Departamento de Información e Orientación profesional.
- Equipo Directivo: Dirección e Xefatura de Estudos.

-
- Alumnado: 1 alumno/a

As funcións da Comisión de Convivencia son, atendendo ao Decreto 8/2015:

- Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.
- Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- Propor ao consello social as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
- Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar ó Consello Social sobre o grao de cumprimento da normativa vixente. Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello social do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.
- Aquelas outras que lle sexan encomendadas polo consello social do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

No marco do planificación propia do centro, a Comisión de Convivencia:

-
- Canalizará as iniciativas de todos os sectores da Comunidade Educativa para mellorar a convivencia, establecendo vías de comunicación e participación adecuadas ás características do centro, ofrecendo espazos e tempos para que os distintos sectores poidan manifestar as súas propostas, e promovendo nos distintos órganos de goberno, de participación e de coordinación docente que a convivencia, o respecto e a tolerancia sexa un dereito e un deber.
 - Adoptará as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do Centro, comezando pola mellora na difusión das mesmas.
 - Fomentará o funcionamento de estruturas de participación, especialmente a Xunta de delegados/as de aula.
 - Analizará posibles focos de discriminación social e escolar (por razón de sexo, económica, étnica, tipos de comportamento,...) investigando as súas causas e establecendo plans de acción.
 - Mediará nos conflitos, analizando qué ocorreu e por qué.
 - Coñecerá e valorará o cumprimento efectivo das correccións e medidas disciplinarias, valorando o seu carácter educativo e recuperador.
 - Dará conta ao pleno do Consello Social das actuacións realizadas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
 - Realizará o seguimento do plan de convivencia.

7. Mecanismos de coordinación e colaboración interna do centro, coas familias e con outros centros educativos ou organismos

As relacións a nivel interno desenvólvense a través das coordinacións marcadas entre as diferentes estruturas organizativas definidas na normativa vixente. Existen diversos documentos que facilitan a xestión e seguimento das actuacións no centro, así como asegura a calidade nas mesmas, dentro do Sistema de Xestión de calidade da Rede de Centros Integrados de FP da Comunidade autónoma de Galicia.

Estableceráanse contactos coas familias do alumnado para responder a posibles demandas específicas destas e ante problemas graves de conduta/disciplina en alumnado menor de idade. Arbitraránse as medidas necesarias para que as familias do alumnado menor de idade reciba as informacións necesarias dos seus fillos/as.

As peculiaridades das ensinanzas impartidas no CIFP esixen un amplo nivel de coordinación con institucións e servizos sociais, culturais, científicos e de saúde, deriva nun traballo continuado en colaboración con centros de saúde, hospitais, escolas, universidades, etc

8.-Estratexias para a difusión do plan de convivencia

Daráse difusión ao presente plan a través dos mecanismos establecidos con carácter xeral no resto dos documentos do centro (páxina web, exposición no taboleiro do centro, información dende as titorías dos grupos).

Ao profesorado, informaráselle a través dos mecanismos de coordinación interna establecidos na normativa vixente.

O alumnado recibirá, a través da xunta de delegados, toda a información relativa ao plan de Convivencia e as NOF, ademáis dos canles anteditos.

9.-Procesos de seguimento, avaliación e mellora.

A comisión de convivencia do centro fará un seguimento do desenvolvemento do Plan de Convivencia, mediante un proceso contínuo, despois de cada actividade realizada.

Por outro lado, trimestralmente recollerase o grao de desenvolvemento das medidas que se previron no plan e as dificultades xurdidas, se as haber, detectadas na súa aplicación.

Finalmente, ao remata-lo curso na memoria anual avaliarase:

- O grao de cumprimento dos diferentes compromisos en materia de convivencia, de consecución dos obxectivos e detección de novas necesidades.
- As dificultades atopadas no desenvolvemento das diversas actuacións realizadas, se fora o caso.

-
- As intervencións realizadas na resolución de comportamentos conflictivos.
 - Grado de implicación e satisfacción da comunidade educativa

Unha vez avaliado o Plan de Convivencia e á vista dos resultados acadados, o Equipo Directivo, xunto coa Comisión de Convivencia establecerá canles que permitan ós distintos sectores da comunidade educativa formular propostas de mellora para incluír na memoria final e que se terán en conta de cara ó vindeiro curso coa finalidade de mellora-la súa eficacia.

A Comisión de Convivencia elaborará, ao remate de cada curso escolar, a memoria do Plan de Convivencia do centro, que será presentada e aprobada polo Consello social, formando parte da Memoria do Plan Anual do centro (Artig. 16 do Decreto 8/2015, Disposición adicional segunda).

As enquisas de satisfacción deseñadas dentro do marco de Sistema de Calidade no que se inscribe o centro, serán, anualmente, referente na detección de necesidades de mellora nos aspectos máis relacionados con este plan (acollida, benestar, relacións).

Criterios de avaliación:

- Grao de consecución dos obxectivos.
- Grao de coñecemento, implicación e satisfacción da comunidade educativa.
- Aproveitamento dos recursos materiais, humanos e organizativos.
- Calidade e funcionalidade dos materiais elaborados.
- Mellora dos resultados na avaliación de calidade.